



## CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

Estimada Comunidade Educativa:

A resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares (CE) de centros docentes sostidos con fondos públicos, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro.

Este proceso, prodúcese cada dous anos e no noso centro, atendendo aos membros que finalizan o seu servizo no **CONSELLO ESCOLAR** e ás vacantes de eleccións anteriores, corresponde a renovación dos seguintes membros:

- 1 representante dos pais/nais (elixido pola ANPA).
- 4 representantes do profesorado.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- Director do centro.
- Un membro do profesorado.
- Un pai/nai ou titor legal.
- Un representante do alumnado.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de Xullo (DOGA do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membro suplentes, celébrase neste centro o próximo **día 28 de outubro, ás 10:45 horas** na secretaría.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Guntín, 27 de outubro de 2021.

O DIRECTOR DO CENTRO,



Asdo. Jose Luis Díaz Fernández